




MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Campionato de Galicia de Marcha en Pista ao Aire Libre PONTEVEDRA 22/11/2020

A entrada á instalación realizarase polo “Acceso CGTD” mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

O control de acceso establecerase na entrada do parking da instalación (punto vermello no plano). A organización entregará, neste intre, unha pulseira identificativa que se colocará no pulso ata o fin da competición.



Non será posible circular, en ningún momento, en sentido contrario.

O anel que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación, estando unicamente habilitada a grada principal para o visionado da competición.



Autorizarase o acceso, unicamente, as/os atletas participantes, persoal federativo (organización, xuíces) e adestradores/delegados/responsables de club autorizados. Se poderá requerir que se amose o DNI no control de acceso.

Poderán solicitar acreditación ata ás 20:00 horas do 20/11/2020 os/as Delegados/as, Adestradores/as ou Responsables dos Clubs con Atletas na competición, no seguinte ligazón e atendendo ó seguinte criterio por entidade:

(Dous por club) Ligazón pa a solicitude: <https://forms.gle/jJs6VW5qeZpsmWCT9>

*Polas condicións do COVID-19 nas que se atopa Pontevedra, o aforo da grada está limitado a 120 usuarios. Recomendarase que unha vez rematada a proba sexa abandonada a instalación.

Dadas as restricións de circulación polas condicións do Covid-19 o quecemento se realizará no exterior do CGTD.

A cámara de chamadas habilitarase na contra recta, que terá acceso directo dende a rúa José Malvar. É imprescindible, para facer uso deste acceso, levar posta a pulseira facilitada pola organización.

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso á mesma, intre no que deberá entregarse a declaración responsable sen a cal non se autorizará a participación.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.

O acceso a secretaría de competición será restrinxido, polo que calquera comunicación precisa realizarase a través da xanela.

Haberá líquido hixienizante no control de acceso á instalación e na grada, así coma na cámara de chamadas.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.